



ILUSTRE COLEXIO  
PROVINCIAL  
DA AVOGACÍA  
DE  
OURENSE

Rúa Concello, 22 · 32003 Ourense · Teléfono 988 210 076 · Fax 988 370 962  
[secretaria@icaourense.com](mailto:secretaria@icaourense.com) · [www.icaourense.org](http://www.icaourense.org)

---

## CONVOCATORIA DE ELECCIÓN 2019

Según do disposto nos artigos 49 e seguintes do Estatuto Xeral da Avogacía Española e os concordantes deste Ilustre Colexio, en relación coa Lei de Colexios Profesionais de Galicia, a Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, na súa reunión do 8 de outubro de 2019, acordou convocar eleccións para o día 19 de decembro de 2019.

O proceso electoral desenvolverase no local colexial, sen interrupcións dende as 10:00 horas ata as 20:00 horas, momento no que votarán os electores ou electoras presentes que aínda non o tiveran feito e máis os compoñentes da Mesa Electoral, procedéndose de seguido ao peche das urnas e á celebración de Xunta Xeral Ordinaria, para o escrutinio, publicación dos resultados e proclamación dos candidatos e candidatas electos, e demais asuntos estatutariamente previstos, segundo convocatoria, esta derradeira, que se remitirá ao efecto.

A Mesa Electoral, ao seguinte día da finalización do prazo de presentación de candidaturas, proclamará candidatos ou candidatas a quen reúna os requisitos esixibles e considerará electos a aqueles que non teñan oponentes.

### PRECISIÓNS.

**PRIMEIRA.** Os cargos estatutarios a anovar serán os seguintes:

1. Decana/o.
2. Vicedecana/o.



ILTRE. COLEXIO  
PROVINCIAL  
DA AVOGACÍA  
DE  
OURENSE

Rúa Concello, 22 • 32003 Ourense • Teléfono 988 210 076 • Fax 988 370 962  
[secretario@icaourense.com](mailto:secretario@icaourense.com) • [www.icaourense.org](http://www.icaourense.org)

---

3. Secretario/a.

4. Vogal 2º.

5. Vogal 6º.

**SEGUNDA.** Serán electores todos os colexiados e colexiadas con máis de tres meses de antigüidade dende a data da súa incorporación ata a da presente convocatoria. Serán elixibles, para o cargo de Decana/o os colexiados e colexiadas exercentes, e para os demais cargos os electores residentes no ámbito territorial do Il. Colexio da Avogacía de Ourense, que cumpran os requisitos do art. 49 do EGAE (non estar condenados en sentenza firme que leve consigo inhabilitación, ficar sancionado e non rehabilitado en calquera Colexio de Avogados, e non ser membro de órgano reitor doutro Colexio profesional).

O voto dos colexiados e colexiadas en exercicio terá dobre valor que o dos non exercentes, dispoñéndose dúas urnas separadas ao efecto.

**TERCEIRA.** Segundo o disposto na Lei de Colexios Profesionais de Galicia, poderase utilizar o voto por correo. O seu desenvolvemento, precísase a continuación:

- 1) O colexiado/a que desexe votar por correo deberá solicitalo mediante escrito ao Colexio manifestando a súa intención. Dita solicitude poderá facela persoalmente -previa identificación- no local colexial, ou por correo certificado, axuntando fotocopia do seu DNI.
- 2) Tan axiña como se proclamen as candidaturas enviaranse por correo certificado ao enderezo profesional do colexiado/a as papeletas e sobres oficiais, xunto cun impreso no que fará



ILUSTRE COLEXIO  
PROVINCIAL  
DA AVOGACÍA  
DE  
OURENSE

Rúa Concello, 22 · 32003 Ourense · Teléfono 988 210 076 · Fax 988 370 962  
[secretaria@icaourense.com](mailto:secretaria@icaourense.com) · [www.icaourense.org](http://www.icaourense.org)

---

constar os seus datos e que asinará persoalmente. De seguido o remitirá, xunto co sobre pechado contendo o seu voto, por correo certificado con acuse de recibo ao Colexio.

3) Non serán válidos os votos que non se axeiten ao anterior, e os emitidos en papel ou sobre distinto ao oficial, e os que conteñan calquera anotación que vulnere o segredo do voto. Admitiranse todos os votos que se reciban ata as 20:00 horas do día da votación.

**CUARTA.** A Mesa Electoral estará constituída por tres membros da Xunta de Goberno que non opten ás eleccións, así como polo avogado ou avogada residente de maior idade e polo de menor idade, que serán substituídos, en caso de incapacidade ou incompatibilidade, polo seguinte en idade, respectivamente, de acordo co previsto no art. 50 dos Estatutos do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, resolvendo calquera incidencia que se produza. Cadansúa candidatura poderá nomear ata dous interventores.

**QUINTA.** As candidaturas poderán ser individuais a un cargo en concreto ou colectivas para a totalidade dos cargos.

**SEXTA.** Aos candidatos seralles facilitado o censo colexial.

**SÉTIMA.** Poderán presentarse candidaturas ata un mes antes das eleccións. Polo tanto, a data na que remata dito prazo é o día 19 de novembro de 2019 ás 20:00 horas.

**OITAVA.** Ningún colexiado ou colexiada poderá presentarse como candidato a mais de un cargo.

**OITAVA.** A Xunta de Goberno poderá plantexar un debate entre candidaturas, se



ILTRE. COLEXIO  
PROVINCIAL  
DA AVOGACÍA  
DE  
OURENSE

Rúa Concello, 22 · 32003 Ourense · Teléfono 988 210 076 · Fax 988 370 962  
[secretaria@icaourense.com](mailto:secretaria@icaourense.com) · [www.icaourense.org](http://www.icaourense.org)

---

non houbera obxeccións a elo, no período electoral.

Ourense a 11 de outubro de 2019.

José Manuel Ayude Besteiro.

Secretario do ICA de Ourense.